
IES PLURILINGÜE ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ

Plan de continxencia Covid 2021-22

V 1.0

18/10/2021



I. ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN GROMO	4
(1) Asistencia ao centro	4
(2) Sospeita de contaxio no propio centro.....	5
(3) Actuación diante dunha sospeita	5
(4) Alta na aplicación informática	6
(5) Indicacións para a familia	6
(6) Aparición dun caso positivo	6
(7) Comunicacóns obrigatorias de sintomatoloxía ou de confirmación	7
(7.1) Profesorado e persoal non docente	7
(7.2) Alumnado	8
(7.3) Canle informativa.....	8
(8) Xestión de gromos.....	8
(9) Suspensión da actividade lectiva presencial.....	8
II. ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL...8	8
(1) Asistencia ao centro	9
(2) Identificación de problemas para o ensino a distancia	9
(3) Medidas especiais en caso de suspensión de actividade lectiva presencial	9
(4) Medidas do centro en caso de suspensión da actividade presencial	9
(5) Aulas virtuais e ensino a distancia.....	11
(6) Atención virtual ao alumnado vulnerable.	12
(7) Formación e información para o ensino a distancia	12
(8) Horario espello	13
Formación profesional (diúrno)	13
ESO, Bacharelato e FP Básica (diúrno).....	13
Formación Profesional (nocturno).....	14
Horario Persoas Adultas	14
III. MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL	15
(1)Planificación para o retorno á actividade presencial	15
ANEXOS.....	16

O presente documento é o Plan de Continxencia do centro educativo IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez e ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

Este é un Plan vivo, adaptable e modificable no que toda a comunidade educativa e os servizos institucionais (Concello e Consellerías) farán as súas achegas asumindo as funcións que lle corresponden, xa que o Equipo Directivo deste centro e o seu Equipo Docente non teñen formación, nin competencia para asumir a organización e planificación dun Plan de adaptación de índole sanitario.

Salientar finalmente que, para que este plan sexa efectivo, é imprescindible a responsabilidade individual de todas as persoas que forman a Comunidade Educativa.

I. ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN GROMO

(1) Asistencia ao centro

Non asistirán ao centro:

- Aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles coa COVID-19.
- Aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19.
- Quen se atope en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
- Tampouco asistirá quen se atope a espera do resultado dunha PCR.

Se algunha persoa do núcleo familiar convive cunha persoa cun diagnóstico positivo da COVID-19, o alumnado ou o persoal do centro que convivan coa persoa positiva non poderán acudir ao centro, en virtude de ser considerados contactos estreitos.

Os conviventes dunha persoa con síntomas compatibles coa COVID (alumno/a ou profesional) que se encontre á espera do resultado, evitarán as interaccións sociais que sexan prescindibles ata que se confirme o resultado, pero non será necesario que garden corentena no domicilio, podendo acudir tanto á escola como ao seu posto de traballo.

É compromiso individual e particular de toda a Comunidade Educativa do IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez a realización previa da autoenquisa (Anexo 1) antes de asistir ao centro educativo, así como de poñer en coñecemento do Equipo Covid ou do Equipo Directivo do centro, de ser o caso, a súa ausencia.

O IES informou, explicitamente e con confirmación de recepción da información (declaración responsable ao inicio de curso), aos pais, nais e outros responsables legais, e ao alumnado maior de idade, de que o alumnado con calquera sintomatoloxía aguda non pode acceder ao centro educativo. Porén, a medición de temperatura ou a avaliación doutros síntomas compatibles coa COVID-19 será realizada no seo da familia de forma diaria antes de acudir pola mañá ao centro escolar.

(2) Sospeita de contaxio no propio centro

Diante dunha persoa que desenvolva síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o protocolo:

- Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levarase á sala de Covid destinada ao efecto ata a recollida por parte da familia. Esta disporá de adecuada ventilación, xel hidroalcolíco e papeleira con tapa de pedal. Será necesario contactar coa persoa responsable do manexo da Covid-19 no centro educativo e cos familiares ou titores legais.
- A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado:
 - Máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva.
 - De forma excepcional, e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houbese dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla.

Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada.

A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no tratamento do seu refugallo. O centro contará cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.

O profesor ou profesora que estea dando clase ao alumno ou alumna que presente síntomas compatibles debe avisar, a través do delegado ou delegada de clase, á conserxería do centro, para que desde alí se localice a algún dos compoñentes de Equipo Covid ou, se non fose posible, do Equipo Directivo, para que acompañe ao alumno ou alumna á Sala Covid. Mentres tanto, o alumno ou alumna con síntomas debe agardar fóra da aula.

Os docentes ou outro persoal que traballe no centro con condicións de saúde que lles fan vulnerables, deberán informar aos equipos directivos que son traballadores especialmente sensibles para COVID-19, e será valorado polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais quen indicará se é necesario tomar medidas adicionais. Nas situacións nas que se detecte un caso sospeitoso, a persoa traballadora especialmente sensible non será a responsable da atención do caso, continuará coa súa actividade docente no seu caso e extremará as medidas preventivas recomendadas.

(3) Actuación diante dunha sospeita

O responsable do Equipo Covid ou un dos seus compoñentes, ou, se non fose posible, algún membro do Equipo Directivo debe chamar ao Centro de saúde de Atención Primaria da Estrada con número de contacto directo: xxxxxxxx, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O traballador que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

A persoa afectada que se considere caso sospeitoso deberá permanecer illado no seu domicilio ata dispoñer dos resultados das probas diagnósticas de infección activa (PDIA), segundo se refire na “Estrategia de detección precoz, vigilancia y control”. Tamén perma-

necerán no domicilio os irmáns/as do caso sospeitoso escolarizados no mesmo centro ou en calquera outro, ata o resultado das probas, por ser contactos familiares conviventes. Se o caso se confirma, non debe acudir ao centro e debe permanecer en illamento ata transcorridos 3 días do fin do cadro clínico e un mínimo de 10 días dende o inicio dos síntomas. Se é negativo, acudirá ao centro educativo e seguirá coa súa actividade docente.

(4) Alta na aplicación informática

No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus no IES tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 (Dirección do IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez) incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo. O rastrexo doutros eventuais contactos noutros ámbitos, incluídos os das actividades extraescolares terán que ser recollidos polo SERGAS. A mesma información será remitida cando o CSC, o SERGAS ou a xefatura territorial da Consellería de Sanidade solicite información no caso de que existan casos sospeitosos por sintomatoloxía compatible coa COVID-19 que estean a ser investigados ou no que existan indicios de que teñan xurdido no centro educativo.

(5) Indicacións para a familia

A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para as ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria. No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa, o alumnado non acudirá ao centro e el/ela ou a súa familia contactará dentro das seguintes 24 horas e con algunha das persoas membros do equipo Covid á maior brevidade posible.

(6) Aparición dun caso positivo

Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid-19 seguíanse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.

A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia, determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade.

A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena, de polo menos 10 días, a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo. O restante alumnado da aula que non teña a consideración de contacto estreito poderá continuar coa asistencia presencial á aula.

Aos contactos estreitos realizaráselle unha proba de COVID nun prazo non superior a 48 horas para identificar ás persoas que teñan unha posible infección por COVID-19.

Segundo o criterio epidemiolóxico, considérase contacto estreito a calquera alumno, pro-

fesional do centro educativo, profesor ou outro traballador que compartise espazo co caso confirmado a unha distancia < 2 metros ao redor do caso confirmado durante máis de 15 minutos sen utilizar máscara.

- No autobús escolar a calquera persoa situada nun radio de dous asentos arredor dun caso durante máis de 15 minutos agás que se poida asegurar que se fixo un uso adecuado da máscara.

- Os conviventes dos casos confirmados.

O período a considerar para a avaliación dos contactos estreitos será dende 2 días antes do inicio de síntomas do caso ata o momento no que o caso é illado. Nos casos asintomáticos confirmados por PDIA, os contactos buscaranse desde 2 días antes da data de toma de mostra para diagnóstico.

A valoración da exposición do persoal que traballa no centro realizarase en función da avaliación específica do risco de cada caso, de modo que a consideración de contacto estreito valorarase en base á adecuación e seguimento das medidas de prevención adoptadas (mantemento da distancia física e uso de máscaras) e as actividades realizadas. Ademais, no caso do profesorado, terase en conta na avaliación que desenvolven unha actividade esencial. O equipo COVID deberá proporcionar a Saúde Pública ou á unidade responsable de facer o seguimento de contactos, a lista de compañeiros así como profesores do caso confirmado que estiveran en contacto nas 48 horas previas á aparición dos síntomas.

Os conviventes dunha persoa con síntomas compatibles coa Covid (alumno/a ou profesional) que se encontre á espera do resultado, evitarán as interaccións sociais que sexan prescindibles ata que se confirme o resultado.

Ademais, os conviventes que non dispoñan dunha pauta de vacinación completa e tampouco foran diagnosticados da COVID-19 nos últimos 6 meses deberán seguir as indicacións do Protocolo de vixilancia e control epidemiolóxico fronte ao virus SARS-CoV- 2 (Covid19) no ámbito educativo non universitario de Galicia e absterse de asistir ao centro educativo ata que se resolva a situación do caso sospeitoso.

O alumnado ou o persoal do centro que convivan coa persoa positiva serán considerados contactos estreitos, excepto que a Central de Seguimento de Contactos lles indique o contrario. Tendo en conta isto, as persoas conviventes do caso positivo que estean vacinadas coa pauta completa ou aquelas que fosen diagnosticadas da COVID nos últimos 6 meses poderán acudir tanto á escola como ao seu posto de traballo, extremando sempre as medidas de prevención. Pola contra, os conviventes que non dispoñan dunha pauta de vacinación completa e tampouco foran diagnosticados da COVID-19 nos últimos 6 meses deberán absterse de asistir ao centro educativo e esperar as indicacións da Central de Seguimento de Contactos en corentena.

(7) Comunicacions obrigatorias de sintomatoloxía ou de confirmación

(7.1) Profesorado e persoal non docente

Ante a aparición de sintomatoloxía compatible coa COVID (polo menos unha das relacionadas no Anexo (1) o persoal non docente e profesorado, non acudirán ao centro educativo e inmediatamente darán coñecemento ao equipo COVID.

Como criterio xeral, manterase en illamento preventivo domiciliario, poñéndose en contacto co seu centro de saúde ou de ser o caso cos facultativos da mutua. Serán estes facultativos os que valorarán a sintomatoloxía e prescribirán a realización dun test diagnóstico

ou proba PCR en 24 horas, se así o consideran manténdose o illamento ata coñecer o resultado da proba.

(7.2) Alumnado

No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa, o alumnado non acudirá ao centro e el/ela ou a súa familia contactará dentro das seguintes 24 horas e con algunha das persoas membros do equipo Covid á maior brevidade posible.

Para a xustificación da ausencia, non será necesaria ningún xustificante médico, abondará co comprobante dos/as pais/nais ou titores/as legais. As ausencias derivadas desta causa terán a consideración de xustificadas aos efectos do protocolo de prevención de absentismo escolar.

Ante a detección de síntomas compatibles con infección por SARSCoV-2 nun alumno/a, durante a estancia no centro ou á chegada ao mesmo, contactarase coa súa familia ou persoa de referencia que deberá presentarse no centro á maior brevidade.

Unha persoa da familia solicitará consulta telefónica co seu pediatra ou o seu facultativo que valorará a consulta presencial e a solicitude dunha proba diagnóstica.

Habilitarase, dende o inicio do curso, un espazo específico de uso individual no centro para illar a aquelas persoas nas que se detecten síntomas mentres non se xestiona o seu traslado.

(7.3) Canle informativa

Dende a Consellería de Educación habilitase unha canle informática, denominada “EduCovid”, específica para a comunicación dos datos básicos dos contactos próximos dos casos confirmados. A información será accesible para o persoal sanitario que determine a autoridade sanitaria e utilizarase para que o Centro de Seguimento de Contactos alerte da existencia de casos positivos confirmados no centro.

(8) Xestión de gromos

No contexto deste protocolo, considerarase gromo no centro educativo a calquera agrupación de 3 ou máis casos con infección activa nos que se establecese un vínculo epidemiolóxico, sendo sinónimo de abrocho ou brote. Tendo en conta a importante variabilidade entre as diferentes situacións, sempre que se detecten 3 casos ou máis no centro escolar nun período corto de tempo (menos de 14 días entre o primeiro e o último caso) deberá realizarse unha valoración da situación por parte das autoridades sanitarias. Será o persoal da CSC quen faga esta notificación e decida co persoal da XT de Sanidade ou do SAEG se é necesario levar a cabo algunha actuación extraordinaria.

(9) Suspensión da actividade lectiva presencial.

A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no protocolo de adaptación ao contexto da Covid 19 relativas ao ensino a distancia e neste mesmo documento. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

II. ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

(1) Asistencia ao centro

O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo propio profesor o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o profesorado poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

(2) Identificación de problemas para o ensino a distancia

O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teñan dificultades de conexión ou falla de equipamento para que a Consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

(3) Medidas especiais en caso de suspensión de actividade lectiva presencial

Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

(4) Medidas do centro en caso de suspensión da actividade presencial

A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo, na resolución que se dite aos efectos do Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021- 2022 así como para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021- 2022 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da Covid-19, relativas ao ensino a distancia.

Ante a suspensión da actividade lectiva presencial:

1. O IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez establecerá as medidas necesarias para garantir a continuidade do proceso educativo de xeito non presencial segundo o establecido neste Plan de Continxencia.
2. Para garantir a continuidade, o centro establecerá unha planificación horaria de traballo do profesorado do grupo co alumnado que reflecta o establecido no modo presencial, de xeito que se manteña o vínculo co alumnado do xeito máis coherente posible, tendo en conta o medio virtual no que se desenvolve, (de acordo co previsto na Resolución sobre a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021- 2022 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da Covid-19, relativas ao ensino a distancia.
3. O centro realizará de xeito inmediato e periodicamente simulacións que permitan ter establecidos os protocolos de actuación no caso de peche. Neste proceso contará co apoio dos servizos da Rede de Formación Permanente do Profesorado e da inspección educativa.
4. O IES comunicará ás familias a concreción do protocolo en caso de peche para que sexa coñecido e poidan contribuír ao proceso educativo.

5. A concreción das necesidades de recursos para o ensino a distancia derivadas dunha situación de peche, manterase debidamente actualizada en coordinación coa inspección educativa.
6. Para garantir o proceso, o profesorado que precise de formación básica necesaria deberá realizar de xeito inmediato unha formación facilitada polo propio centro educativo ou polos servizos da Rede de Formación Permanente do Profesorado. Esta formación constitúe un dereito e unha obriga do profesorado, de acordo co establecido no artigo 102 da Lei Orgánica de Educación.
7. As tarefas para o alumnado asemellaranse o máis posible ao sistema presencial respectando seu dereito ao lecer e ao descanso.
8. O alumnado é titular dos mesmos dereitos e deberes no ensino non presencial, e, polo tanto, está obrigado a participar nas clases non presenciais con aproveitamento e sometido ás mesmas normas de convivencia independentemente da situación de peche ou confinamento.
9. Durante o peche ou confinamento, sempre de acordo coas indicacións sanitarias derivadas da evolución epidemiolóxica, o profesorado poderá seguir o proceso educativo no seu centro educativo ou no seu domicilio, no caso de dispoñer dos medios adecuados para realizar o servizo.
10. A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través das ferramentas institucionais tales como as aulas virtuais, Webex, etc.. O profesorado realizará o seguimento do alumnado, impartirá os contidos da materia de xeito virtual e poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.
11. Cando durante o peche ou confinamento parte do profesorado afectado se atope de baixa será o equipo docente (departamento, equipos de ciclo, etc) co apoio da persoa Coordinadora TIC /eDixgal, quen dispoña provisionalmente de recursos formativos ao alumnado ata a incorporación de persoal de substitución ou a alta do/a docente. Poderá contarse, para este labor, co apoio das asesorías do Centros de Formación e Recursos (CFR) correspondente.
12. O mesmo día do peche:
 - a. A dirección do centro enviará unha comunicación a través de abalarMóbil e publicará unha nova na web do centro.
 - b. O profesorado habilitará na aula virtual do centro os recursos e as actividades iniciais e trasladará orientación ás familias, especialmente para o alumando menor idade, a través da aplicación abalarMóbil ou a través da aula virtual. Para calquera dúbida ou consulta sobre a comunicación coas familias a través de abalarMóbil ou da aula virtual pode contactar coa asesoría Abalar de zona. Estes recursos poderán remitirse aos libros de texto, a fichas específicas e a actividades en liña, entre outros.
13. Durante o peche ou confinamento o profesorado continuará co seu labor docente de acordo co previsto no Protocolo de Adaptación ao Contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022 e nas Instrucións da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2021/2022, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato (Programacións didácticas).
14. A atención ao alumnado que deba permanecer en illamento, mesmo cando non se produza o peche ou confinamento da aula ou centro, responderá ao previsto con carácter

xeral no artigo 25 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación así como no apartado 3 do Protocolo de atención educativa domiciliaria.

15. A actividade educativa durante o peche ou confinamento estará sometida aos principios xerais de inspección educativa previstos no Decreto 99/2004, do 21 de maio, polo que se regula a organización e o funcionamento da Inspección Educativa e o acceso ao corpo de inspectores de Educación na Comunidade Autónoma de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento, especialmente no relativo ao previsto nas aliñas a), b) c) e d) do Artigo 6, podendo requirir acceso aos servizos de auditoría e rexistro das citadas ferramentas de acordo co previsto nesta normativa.

16. Garantirase en todo momento a atención a diversidade do alumnado para o cal se disporán os recursos organizativos e didácticos necesarios que, con carácter individualizado, respondan ás súas necesidades, con especial atención ás adaptacións curriculares e aos protocolos de atención á diversidade, de ser o caso.

17. A administración educativa garantirá o dereito á educación e a súa equidade. A tal fin, disporá os medios informáticos necesarios para o seguimento do ensino virtual por parte do alumnado que o precise.

(5) Aulas virtuais e ensino a distancia

O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo propio profesor ou ben os que poña a disposición a Consellería. Para fornecer de contidos á aula virtual o profesorado poderá usar, ademais, os dispoñibles no espazo Abalar, os que figuran na web do Ministerio, ou calquera outro dispoñible.

Igualmente o profesorado poderá poñer tarefas que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma. Cada vez que o/a profesor/a cree unha nova tarefa avisará ao alumnado implicado (foro da aula virtual, correo electrónico, etc). Os recursos e materiais necesarios para a realización das tarefas, así como a data, hora e condicións da entrega publicaranse con antelación suficiente. Na medida do posible, evitarase propoñer tarefas para entregar nun período de tempo moi curto e privilexíase a entrega de tarefas por semanas para favorecer así que o alumnado organice a súa axenda de traballo.

O profesorado de cada módulo ou materia e o alumnado do grupo deberán conectarse a través dos servizos dixitais educativos corporativos á hora que se establece no correspondente cadro horario. A conexión deberá facerse coa antelación suficiente para o aproveitamento do período lectivo.

O proceso de ensino aprendizaxe durante a formación a distancia deberá seguir as normas establecidas para o ensino presencial, coas adaptacións que procedan motivadas pola metodoloxía empregada.

O ensino online pode consistir en sesións de docencia por videoconferencia e/ou en sesións de traballo autónomo por parte do alumnado. As sesións de docencia manteranse no horario específico de cada grupo para non interferir no horario doutras materias ou módulos. Durante as horas de ensino telemático, o profesorado estará dispoñible para consultas a través do foro, do correo electrónico ou das plataformas de videoconferencia corporativas.

As aulas virtuais utilizaranse nos supostos de educación a distancia e para o alumnado que

parcialmente estea en situación de corentena cando non exista suspensión da actividade presencial no conxunto da aula, sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia que poida poñer en funcionamento a consellería.

Corresponde ao profesorado que designe a dirección do centro colaborar coa posta en funcionamento e mantemento da aula virtual.

Todo o profesorado, á maior brevidade posible, asegurarse de que o seu alumnado coñece o funcionamento do seu curso e da metodoloxía que seguirá no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia. A aula virtual, os cursos e os usuarios terán que estar plenamente operativos e funcionando a principios do mes de outubro.

O titor/a informará aos pais, nais ou tutores legais do alumnado menor de idade e ao alumnado maior de idade das normas para o ensino a distancia, así como do control de asistencia e participación a través dos medios telemáticos, que realizará diariamente o profesor mediante as ferramentas habituais, e das consecuencias no proceso de avaliación que o equipo docente ten establecido na súa programación didáctica. E identificarán ao alumnado que, por mor da falta de recursos ou de conexión no seu fogar, puidera perder o acceso á educación telemática no caso de ensino a distancia e o notificarán ao equipo directivo nos primeiros días de outubro. O equipo directivo realizará unha listaxe deste alumnado e as súas necesidades no caso dun eventual paso ao ensino a distancia.

O orientador/a do centro educativo velará polo cumprimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade, coordinará a atención ao alumnado NEE, realizará as correspondentes reunións telemáticas para o desenvolvemento e seguimento do Plan de Acción Titorial, realizará as súas funcións empregando as distintas ferramentas dixitais.

A dirección do centro, a través de xefatura de estudos, requirirá ao final de cada semana, unha relación de actividades que realizou o profesorado co alumnado no horario establecido.

(6) Atención virtual ao alumnado vulnerable.

O alumnado vulnerable, ou que conviva con familiares vulnerables, que non acode ao centro docente como consecuencia da emerxencia sanitaria pola COVID-19, e se determine como xustificada a súa ausencia, recibirá atención educativa virtual segundo se establece no apartado 4 do artigo 62 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

O alumnado en situación de especial vulnerabilidade na modalidade de ensino virtual, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos da atención ou da aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, por altas capacidade intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar recibirá atención educativa virtual segundo o establecido na Resolución do 18 de febreiro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do ensino virtual garantindo a atención á diversidade e se establece un Plan específico de actuación.

(7) Formación e información para o ensino a distancia

Para o desenvolvemento efectivo do proceso de ensino aprendizaxe a distancia, compre que o profesorado e o alumnado conte coas competencias necesarias para o uso dos me-

dios telemáticos que se vaian a empregar, e así mesmo que os pais, nais ou representantes legais teñan toda a información para que poidan apoiar ao alumnado no proceso.

Para tal efecto:

- A dirección do centro promoverá as actividades de información e formación necesarias para que todo o alumnado poida utilizar con efectividade os medios telemáticos de comunicación co alumando e as súas familias ou representantes legais, así como o uso efectivo da aula virtual; para elo empregará os recursos que posúe no centro ou solicitará o apoio das persoas asesoras Abalar ou da Rede de Formación do Profesorado.
- O profesorado de cada materia ou módulo experimentará no centro coa alumnos/as o uso dos medios de comunicación telemática, así como a aula virtual, a empregar no caso de ter que desenvolver un proceso de ensino aprendizaxe a distancia.
- O titor/a de cada grupo proporcionarlle información aos pais, nais ou representantes legais sobre o uso dos medios de comunicación telemática, así como da aula virtual, para poder axudar ao alumnado no caso de ter que desenvolverse un proceso de ensino-aprendizaxe a distancia.

(8) Horario espello

Con carácter xeral, o horario para os supostos de ensino a distancia será o mesmo que o elaborado para desenvolver en réxime de presencialidade ou semipresencialidade; non obstante tendo en conta o esforzo que vai supoñer para o alumnado e o profesorado o seguimento da actividade a través d e medios telemáticos, poderá reducirse a duración de cada sesión ata un máximo do 40%.

As franxas horarias son as seguintes:

Formación profesional (diúrno)

LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES
8:45-9:35	8:45-9:35	8:45-9:35	8:45-9:35	8:45-9:35
9:35-10:25	9:35-10:25	9:35-10:25	9:35-10:25	9:35-10:25
10:25-11:15	10:25-11:15	10:25-11:15	10:25-11:15	10:25-11:15
RECREO 11:15-11:55	RECREO 11:15-11:55	RECREO 11:15-11:55	RECREO 11:15-11:55	RECREO 11:15-11:55
11:55-12:45	11:55-12:45	11:55-12:45	11:55-12:45	11:55-12:45
12:45-13:35	12:45-13:35	12:45-13:35	12:45-13:35	12:45-13:35
13:35-14:25	13:35-14:25	13:35-14:25	13:35-14:25	13:35-14:25

ESO, Bacharelato e FP Básica (diúrno)

LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES
8:45-9:35	8:45-9:35	8:45-9:35	8:45-9:35	8:45-9:35
9:35-10:25	9:35-10:25	9:35-10:25	9:35-10:25	9:35-10:25
RECREO 10:25-10:45	RECREO 10:25-10:45	RECREO 10:25-10:45	RECREO 10:25-10:45	RECREO 10:25-10:45
10:45-11:35	10:45-11:35	10:45-11:35	10:45-11:35	10:45-11:35
11:35-12:25	12:40-13:30	12:40-13:30	12:40-13:30	12:40-13:30
RECREO 12:25-12:45	RECREO 12:25-12:45	RECREO 12:25-12:45	RECREO 12:25-12:45	RECREO 12:25-12:45
12:45-13:35	12:45-13:35	12:45-13:35	12:45-13:35	12:45-13:35
13:35-14:25	13:35-14:25	13:35-14:25	13:35-14:25	13:35-14:25
	16:30-17:20			
	17:20-18:10			

Formación Profesional (nocturno)

LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES
16:00-16:50	16:00-16:50	16:00-16:50	16:00-16:50	16:00-16:50
16:50-17:40	16:50-17:40	16:50-17:40	16:50-17:40	16:50-17:40
17:40-18:30	17:40-18:30	17:40-18:30	17:40-18:30	17:40-18:30
RECREO 18:30-19:00	RECREO 18:30-19:00	RECREO 18:30-19:00	RECREO 18:30-19:00	RECREO 18:30-19:00
19:00-19:50	19:00-19:50	19:00-19:50	19:00-19:50	19:00-19:50
19:50-20:40	19:50-20:40	19:50-20:40	19:50-20:40	19:50-20:40
20:40-21:30	20:40-21:30	20:40-21:30	20:40-21:30	20:40-21:30

Horario Persoas Adultas

LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES
17:00-17:45	17:00-17:45	17:00-17:45	17:00-17:45	17:00-17:45

17:45-18:30	17:45-18:30	17:45-18:30	17:45-18:30	17:45-18:30
RECREO 18:30-18:45	RECREO 18:30-18:45	RECREO 18:30-18:45	RECREO 18:30-18:45	RECREO 18:30-18:45
18:45-19:30	18:45-19:30	18:45-19:30	18:45-19:30	18:45-19:30
19:30-20:15	19:30-20:15	19:30-20:15	19:30-20:15	19:30-20:15
RECREO 20:15-20:30	RECREO 20:15-20:30	RECREO 20:15-20:30	RECREO 20:15-20:30	RECREO 20:15-20:30
20:30-21:15	20:30-21:15	20:30-21:15	20:30-21:15	20:30-21:15
21:15-22:00	21:15-22:00	21:15-22:00	21:15-22:00	21:15-22:00

III. MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

(1) Planificación para o retorno á actividade presencial

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase unha planificación do retorno a actividade presencial.

O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno ao ensino presencial e as medidas específicas que sexa preciso adoptar nese momento. Medidas que comunicará ao centro educativo.


ANEXOS

Enquisa de autoavaliación



PRESENTOU NAS ÚLTIMAS DÚAS SEMANAS?

SÍNTOMAS RESPIRATORIOS?



Febre maior de 37,5 °C

Tose seca

Dificultade respiratoria

OUTROS SÍNTOMAS?



Fatiga severa (cansazo)

Dor muscular

Falta de olfacto

Falta de gusto

Diarrea



TEN ACTUALMENTE ALGÚN DOS SÍNTOMAS?

Sinalar cales e cando comezaron



TIVO CONTACTO NAS ÚLTIMAS 2 SEMANAS?



Cunha persoa covid-19 + confirmado

Cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola covid 19



CONVIVIU NAS ÚLTIMAS 2 SEMANAS?



Cunha persoa covid-19 + confirmado

Cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola covid 19

Anexo II

Eu, D./Dna. _____ con DNI _____
 _____ pai/nai/titor/a legaldo/aalumno/a _____
 _____ do centro educativo

IES PLURILINGÜE ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ recibín en réxime de préstamo o equipamento identifica-
 do máis abaixo para continuar o proceso formativo durante a vixencia das circunstancias excepcionais
 derivadas da pandemia porCovid-19.

Comprométome a usalo de forma responsable, a mantelo baixo a miña responsabilidade e coidado, a
 cumprir coas medidas de seguridade apropiadas e a devolvelo nas mesmas condicións en que me foi
 entregado.

EQUIPO	MODELO	N.º DESERIE
--------	--------	-------------

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Centro educativo ao que se refire este documento
Finalidade do tratamento	Rexistro e acta de entrega de equipamento
Lexitimación do tratamento	O cumprimento dunha misión de interese público, o exercicio de poderes públicos, o cumprimento dunha obriga legal, segundo a normativa xeral e sectorial referida en https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e demais regulación concordante
Destinatarios dos datos	Non se prevén comunicacións a terceiras persoas
Exercicio dos dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto delegado/a de protección de datos	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e información adicional

E para que así conste, asino este documento

En _____, a _____ de _____ de _____

Entregado ao centro educativo con data _____ / _____ / _____